

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809F).

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten atribuída a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos, segundo o establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A prevención está considerada como unha ferramenta imprescindible para compatibilizar a gandería coa presenza e a conservación do lobo en Galicia. A escala local, o lobo pode causar importantes perdas entre o gando, polo tanto, é necesario manter un equilibrio entre os obxectivos de conservación da especie e a actividade económica das poboacións rurais.

Desde a Administración autonómica considérase importante o apoio a aquelas medidas, como a instalación de cercados de protección, que permitan optimizar os esforzos e maximizar a eficacia na procura desta coexistencia.

Os valados fixos caracterízanse pola solidez dos seus materiais, o que se traduce nun menor custo do mantemento e nunha mellor relación custo/beneficio. Así mesmo, e dependendo do tipo de gando e das necesidades da explotación, existen distintos tipos de valados metálicos electrificados que constitúen un método de protección eficaz contra os ataques do lobo.

A presente orde ten como finalidade o fomento da aplicación de medidas de protección, incentivando a adquisición e instalación de distintos tipos de valados fixos co fin de prever e evitar na medida do posible a afección das producións gandeiras.



O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentiva a adquisición de elementos preventivos (valados fixos) dos danos que poida ocasionar esta especie, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026 (procedemento MT809F).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Ao abeiro desta orde subvencionarase a adquisición e instalación de valados fixos, cuxa adquisición se faga, en todos os casos, con posterioridade á publicación desta orde.

2. Non será obxecto de subvención:

- a) O imposto sobre o valor engadido (IVE).
- b) O transporte dos materiais, a man de obra para a instalación dos valados fixos e todos aqueles que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

3. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da actuación subvencionable.



Artigo 3. Persoas beneficiarias e requisitos

1. Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

2. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estaren incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

Artigo 4. Adquisición e instalación de valados fixos**1. Valados fixos electrificados.**

Os valados fixos electrificados terán que cumprir as especificacións que figuran no anexo I de especificacións técnicas desta orde.

Subvencionarase un cercado por cada rabaño de entre 15 e 30 reses de gando menor ou de entre 5 e 10 reses de gando maior, e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 3,5 € por metro lineal ata un máximo de 1.750 € por valado, IVE excluído.

2. Valados fixos con malla gandeira ou cinexética metálica.

Os valados fixos con malla gandeira ou cinexética terán que cumprir as especificacións que figuran no anexo I de especificacións técnicas desta orde.

Subvencionarase un cercado por cada rabaño de entre 25 e 50 reses de gando menor ou entre 10 e 20 reses de gando maior, e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 4,5 € por metro lineal ata un máximo de 4.500 € por valado, IVE excluído.

3. O Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático que corresponda, en función do territorio, realizará a inspección previa en campo e redactará a acta de non inicio, antes do inicio da instalación do



valado, e certificará o remate dos traballos conforme os requisitos establecidos nesta orde e na memoria xustificativa presentada pola persoa solicitante.

4. No caso dos valados situados en espazos da Rede Natura 2000, xunto coa acta de inspección previa, os servizos de Patrimonio Natural dos departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático remitirán á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un informe relativo a cada unha das solicitudes asinado por un/unha técnico/a competente desta consellería conforme a actuación solicitada é respectuosa coas finalidades e obxectivos da Rede Natura 2000 e que non pon en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos, ademais de constituír un uso permitido ou autorizable conforme o Decreto 37/2014, do 27 de marzo. O informe incorporará, se é o caso, as condicións de execución que se deban ter en conta e será trasladado á persoa solicitante para que, se procede, poida realizar as modificacións oportunas no investimento solicitado.

5. A persoa beneficiaria deberá contar no momento do inicio dos traballos coas licenzas e autorizacións preceptivas que exixan as diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes delas, ao abeiro da normativa sectorial que poida resultar de aplicación.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas traballadoras autónomas ou as persoas representantes dunha das anteriores.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste defecto concreto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución na cal se deses-



timará a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2, letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

2. A solicitude de axuda segundo o anexo II desta orde (procedemento MT809F), inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Declaración do cumprimento dos requisitos e das condicións establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Declaración do cumprimento dos requisitos e das condicións establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Declaración responsable de ter solicitado as licenzas e autorizacións preceptivas que resulten de aplicación ou ter efectuado as comunicacións previas preceptivas segundo o réxime de autorización aplicable.

Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta co acordo dos/das partícipes para solicitar a subvención. Cando se trate dunha comunidade



de bens, acreditarase que o acordo foi tomado pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na dita comunidade. Cando se trate dunha comunidade de montes veciñais en man común, o acordo deberá estar tomado en asemblea e acreditado mediante acta ou certificación da Secretaría.

- Deberá acreditarse a dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretendan realizar as actuacións a través de calquera dos medios de proba admitidos en dereito.

- Deberá achegarse unha memoria explicativa do proxecto ou anteprojecto que desenvolva os puntos enumerados no anexo VI.

- No suposto de actuar por representación, acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste defecto (presentación presencial) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución pola que desesti-



mará a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2, letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elabo-



rados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Consulta do DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) Consulta do DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- c) Consulta do NIF da entidade solicitante para as persoas xurídicas.
- d) Consulta do NIF da entidade representante.
- e) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT).
- g) Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- h) Consulta da inscrición no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega).
- i) Consulta do censo gandeiro da explotación referido a unha data posterior á da entrada en vigor desta orde de axudas, obtido da base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural.
- j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- k) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

CVE-DOG: cm1erg77-b7r1-enm9-y593-kk7ihxttdhw0



Artigo 9. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 10. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remate o último día do mes.

Artigo 12. *Criterios para a concesión da axuda*

1. Para a concesión das axudas para a adquisición e instalación de valados fixos establécense os seguintes criterios de valoración, por orde de preferencia:

a) Titulares de explotacións gandeiras que non recibiron axudas polos mesmos conceptos en convocatorias de anos anteriores: 10 puntos.

b) Existencia de danos ocasionados polo lobo na explotación gandeira entre o 1 de outubro de 2023 ata o 30 de setembro de 2025, que foran avaliados favorablemente pola Comisión de Valoración establecida na orde anual pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos por esta especie: 20 puntos, incrementándose en 0,5 puntos por cada un dos danos sufridos neste período, ata un máximo de 5 puntos.

c) Número de cabezas de gando:

1º. Gando maior:

– Máis de 10 cabezas: 4 puntos.



– Máis de 20 cabezas: 10 puntos.

– Máis de 50 cabezas: 20 puntos.

2º. Gando menor:

– Máis de 30 cabezas: 6 puntos.

– Máis de 60 cabezas: 12 puntos.

– Máis de 100 cabezas: 25 puntos.

No caso de explotacións mixtas de gando maior e menor, a puntuación resultante será o sumatorio dos puntos obtidos polo número de cabezas de gando maior e menor.

d) Titulares de explotacións gandeiras que teñan contratada unha liña de aseguramento gandeiro que inclúa como riscos asegurables os ataques ao gando por animais silvestres: 5 puntos.

2. A concesión das axudas para a adquisición e instalación de valados fixos realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración anteditos, e adxudicarase, cos límites fixados na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que teñan obtido maior valoración en aplicación dos citados criterios, ata esgotar o dito crédito.

3. En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio a); de persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio b) e, se continúa a igualdade, dirimirase o empate segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Artigo 13. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O Servizo de Caza e Pesca Fluvial examinará e revisará a documentación xuntada que se especifica no artigo 6 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así,



se dará por desistida da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 42, 43, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda poderanse facer, ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O Servizo de Caza e Pesca Fluvial examinará as solicitudes e a documentación presentada e emitirá un informe de valoración de todas as solicitudes en que se establecerá a orde de prelación das persoas solicitantes que elevará á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

6. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Caza e Pesca Fluvial, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes realizadas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

7. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 14. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde que se esgote o prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as



persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola persoa beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 16. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, co fin da ordenación e do coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

2. A solicitude para ser persoa beneficiaria de axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre levará implícita a autorización, no suposto



de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Artigo 18. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Para tal efecto realizárase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince (15) días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 19. *Xustificación do gasto*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada persoa física ou xurídica queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 9 de outubro de 2026. Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa física ou xurídica interesada realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto.

3. Para a xustificación do investimento obxecto de axuda, a persoa física ou xurídica beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento segundo o anexo III desta orde (procedemento MT809F), que inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

– Declaración de conta para a transferencia bancaria.



– Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

b) Licenzas e autorizacións preceptivas que resulten de aplicación ou acreditación de ter efectuado as comunicacións previas preceptivas segundo o réxime de autorización aplicable.

c) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia. Esta memoria axustarase ao modelo do anexo IV.

d) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, segundo o modelo do anexo V.

e) Copia das facturas dos gastos emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación, xunto cos extractos de contas ou o documento bancario debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria, de xeito que quede acreditada a realización efectiva dos pagamentos.

4. Vista a documentación presentada, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural fará, de ser o caso, a proposta de pagamento da subvención concedida.

Artigo 20. *Pagamento*

1. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

2. O pagamento realizarase logo de verificación do órgano concedente do cumprimento da obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos previstos nos artigos 10 e 11 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Artigo 21. Crédito

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución.

2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cun importe total de catrocentos mil euros (400.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541.B.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

3. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 22. Control das actividades subvencionadas

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 23. Disposicións xerais

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As persoas beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007 citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

Disposición adicional primeira. Delegación de competencias

Deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, as competencias para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: cm1erg77-b7r1-enm9-y593-kk7ihxttdhw0



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I

Especificacións técnicas dos valados fixos

Valados fixos:

a) Cerrumes fixos de cable ou de malla electrificada para a protección de explotacións de gando.

Este sistema consiste en engadir ao propio curro ou valado presente na explotación de forma habitual unha protección suplementaria, consistente na colocación dun valado de cables electrificados ou de malla electrificada ao redor do anterior.

- Valado de cable (cable de arame de aproximadamente 2 mm de diámetro): neste método colócase un valo (de altura 1,80 a 2 metros) formado por entre 6 e 8 cables, suxeitados con postes. Os cables débense colocar máis xuntos preto do chan, cunha separación de menor a maior desde o primeiro (o máis próximo ao chan) ata o último.

- Valado de malla (malla de cor rechamante, laranxa). As medidas da luz da malla deben ser de 50x100 mm aproximadamente. Neste método colócase unha malla de altura 1,80 a 2 metros, con postes de suxeición incorporados a ela.

A electrificación obtense utilizando un enerxizador con batería recargada con panel fotovoltaico cunha voltaxe de saída media de 9,2 kV.



b) Valado fixo cunha altura efectiva sobre o terreo mínima de 1,7 m, constituído por unha malla gandeira ou cinxética metálica e postes, dotada de dous fíos electrificados na parte superior da malla. A malla terá unha altura mínima de 148 cm, cunha separación entre os fíos verticais de 15 cm e espaciamento progresivo dos arames horizontais. Os fíos electrificados da parte superior situaranse, o primeiro, a 10 cm do borde superior da malla e o segundo e mais elevado, disposto a outros 10 cm do fío anterior. Cando se empreguen mallas de altura superior a 170 cm, os fíos electrificados poderanse dispoñer por diante do pano da malla, no exterior do cercado, paralelamente a este na súa parte superior. Tamén contará cun fío electrificado na parte inferior da malla, normalmente pola parte exterior e situado a uns 25 cm sobre o chan. Poderase empregar a malla como toma de terra do cercado.

A malla gandeira ou cinxética instálase debidamente tensada sobre postes dispostos cada 3-4 m, en función das condicións topográficas. Cada 100 m, ou nos cambios de sentido do peche, colocaranse esteos para reforzar en ángulo formando un cadro de tres postes, un deles en horizontal, e un arame tensado sobre unha ou ambas diagonais do cadro segundo estea nun extremo ou no medio do cercado, coa finalidade de que o conxunto soporte as tensións aplicadas á tea. Reforzarase a zona inferior da tea mediante o soterado dos primeiros arames ou poderanse espetar picos metálicos de sección angular ou circular, de lonxitude e calibre variables (normalmente 30 cm e 40 mm, respectivamente). Cando non se soterren os primeiros arames, o arame inferior da malla deberá quedar o máis próximo posible ao chan, e non poderá separarse máis de 5 cm deste en ningún punto do cercado.

Cando os cercados se sitúen dentro de espazos que formen parte da Rede Natura 2000, os postes empregados serán preferentemente de madeira e a separación mínima entre os dous primeiros arames horizontais da malla será de 15 cm. Neste ámbito admitiranse mallas con separacións entre os arames verticais de 30 cm.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS AOS CUSTOS DERIVADOS DA INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE POIDA OCASIONAR O LOBO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT809F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
PARROQUIA	LUGAR				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

IDENTIFICACIÓN DA ZONA DOS DANOS

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO DA EXPLOTACIÓN REGA

DATOS DA AXUDA SOLICITADA PARA A PREVENCIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO LOBO

	Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA	
	NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE
ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS ELECTRIFICADOS						
ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS CON MALLA GANDEIRA OU CINEXÉTICA METÁLICA						



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Ter solicitadas as licenzas e autorizacións preceptivas que resulten de aplicación, ou ter efectuado as comunicacións previas preceptivas segundo o réxime de autorización aplicable.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta co acordo dos/das partícipes para solicitar a subvención.
- ☐ Acreditación do acordo da solicitude de axuda, no caso de comunidade de bens.
- ☐ Acreditación mediante acta ou certificación da Secretaría do acordo da solicitude de axuda, tomado en asemblea, no caso de comunidade de montes veciñais en man común.
- ☐ Xustificación da dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretendan realizar as actuacións a través de calquera dos medios de proba admitidos en dereito.
- ☐ Memoria explicativa do proxecto ou anteprojecto, que desenvolva os puntos enumerados no anexo VI.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación coa que se actúa.			



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública	☐
Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega)	☐
Censo gandeiro da explotación referido a unha data posterior á da entrada en vigor desta orde de axudas, obtido da base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e a resolución deste procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809F).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: cm1erg77-b7r1-enm9-y593-kk7ihxttdhw0

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO III

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

MT809F- AXUDAS ECONÓMICAS AOS CUSTOS DERIVADOS DA INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE POIDA OCASIONAR O LOBO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Licenzas e autorizacións preceptivas que resulten de aplicación ou acreditación de ter efectuado as comunicacións previas preceptivas segundo o réxime de autorización aplicable.
- ☐ Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo IV desta orde.
- ☐ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade segundo o modelo do anexo V da orde.
- ☐ Xustificantes do investimento: copia das facturas correspondentes aos investimentos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación xunto cos extractos de contas ou documento bancario debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO IV

MEMORIA XUSTIFICATIVA

MT809F- AXUDAS ECONÓMICAS AOS CUSTOS DERIVADOS DA INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE POIDA OCASIONAR O LOBO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

RESUMO DAS ACTUACIÓNS APROBADAS E REALIZADAS

CONCEPTO SUBVENCIONADO	UNIDADES APROBADAS	CONTÍA DA SUBVENCIÓN APROBADA (€)	UNIDADES REALIZADAS E XUSTIFICADAS	IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO E XUSTIFICADO
Mallas electrificadas de cor rechamante, laranxa, con postes de suxeición incorporados a ela (metros lineais)				
Valado de cable (metros lineais)				
Postes				
Malla metálica, gandeira ou cinxética (metros lineais)				
Arame				
Grampas				
Illadores				
Picos metálicos				
Parafusos				
Tensores				
Abrazadeiras				
TOTAL				

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO V

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS E INVESTIMENTOS

MT809F - AXUDAS ECONÓMICAS AOS CUSTOS DERIVADOS DA INSTALACIÓN DE VALADOS FIXOS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE POIDA OCASIONAR O LOBO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

RELACIÓN DE GASTOS E INVESTIMENTOS

GASTO/ INVESTIMENTO	TIPO DE DOCUMENTO XUSTIFICATIVO	NÚMERO DE DOCUMENTO	DATA DA EMISIÓN	ACREDOR	IMPORTE	DATA DO PAGAMENTO

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: cm1erg77-b7r1-enm9-y593-kk7ihxttdhw0

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO VI

Memoria técnica e valorada onde deberá figurar como mínimo o seguinte:

- a) Os datos da persoa solicitante.
- b) Os datos dos terreos en que se localizarán as actuacións.
- c) O estado legal do predio obxecto da solicitude de axuda: coordenadas xeográficas, superficie, localización, lindeiros, accesos e parcela Sixpac.
- d) A descrición das actuacións que se van levar a cabo, con indicación dos diferentes conceptos, unidades e cantidades que empregar.
- e) O prego de condicións técnicas do xeito de executar as actuacións.
- f) A indicación dos terreos incluídos na Rede Natura 2000, en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou se existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia que regula o Decreto 232/2008, do 2 de outubro.
- g) A indicación e sinalización na cartografía das zonas con restricións establecidas pola autoridade competente en materia de augas que deberán respectarse.
- h) O orzamento detallado e o orzamento total.
- i) A cartografía: a planimetría das actuacións presentarase xeorreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29, con referencia ao Datum ETRS89, e terá que presentarse en soporte dixital en formato vectorial, en formato *shapefile* (shp), obtida a partir dun plano de escala mínima 1:10.000 e preferentemente 1:5.000. Indicará claramente o ano do Sixpac respecto do cal se toman os datos.

